

# Departamento de Tecnoloxía

Curso 2011-12



## Práctica 2: Detector de incendios

NOMES:

- 
- 

### Obxectivo

Deseñar e montar un detector de incendios que funcione da seguinte maneira:

Cando o elemento sensor (neste caso un termistor) detecta unha temperatura elevada, debe accionarse un dispositivo de aviso sonoro.


### Material

- Protoboard nº:
- Polímetro nº:
- Termistor
- Zoador
- Fonte de tensión
- Cables para realizar conexións

### Realización

- Determinade coa axuda dun polímetro se se trata dun NTC ou dun PTC.
- Debuxade o voso deseño para o detector de incendios empregando a simboloxía normalizada.

AVISÁDEME CANDO REMATEDES



- Debuxade sobre a protoboard o voso deseño para o detector de incendios de acordo co paso anterior.

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

- Comprobade que o zoador funciona. Coidado, ten polaridade!
- Montade o detector na protoboard de acordo co debuxado no paso anterior.

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

- Soamente queda conectar a fonte de tensión e comprobar se funciona!!!

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

### **Cuestións**

- De que tipo é o termistor, NTC ou PTC? Por que?
  
- Explicade brevemente como funciona o voso detector relacionando o comportamento do termistor coa intensidade que circula polo circuío e o feito de que o zoador se active ou non.